

CONCURSO DE CONXUROS

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES RICARDO MELLA de Vigo, en colaboración co **Departamento de Lingua Galega**, convoca un CONCURSO DE CONXUROS para festexar o **Samaín**.

Enténdese por conxuro ou esconxuro todo tipo de invocación, máis ou menos rimada, aos poderes de toda índole: físicos, espirituais, morais, atmosféricos, sobrenaturais, ... A finalidade deste concurso é recadar conxuros para que desapareza todo o negativo deste ano 2020.

BASES DO CONCURSO

1. Poderán participar no concurso todas as persoas que o desexen.
2. Os conxuros deberán ser orixinais, inéditos e escritos en galego.
3. Os conxuros presentaranse en tamaño A-4 e cunha extensión mínima de 12 versos.
4. A obra presentarse nun folio. No reverso figurara nome e curso do alumno/a ou o cargo (no caso de profesorado ou persoal non docente do centro).
5. Os traballos entregaráselle ao profesorado de Lingua Galega (ou deixaranse na Conserxaría ao seu nome) até o 27 de outubro.
6. Haberá suculentos premios.
7. O xurado estará integrado por profesorado e alumnado.
8. Os traballos serán expostos na entrada do centro. O conxuro gañador será lido/declamado durante a celebración do Día das Letras Galegas (venres 30 de outubro) no Salón de Actos.
9. A decisión do xurado comunicáraselle ao/á interesada/o e farase pública no taboleiro do EDL o mércores 28 de outubro.
10. As persoas gañadoras permitirán que se corrixa os posibles erros gramaticais ou léxicos dos seus textos para seren publicados.
11. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.